

## ETL NÉBOA

### **-Cales deberían ser os requisitos esixidos para constituirse como escola de tempo libre (docentes, locais, equipamento)?**

En canto aos **docentes** nós consideramos que a lei debe esixir un mínimo de docentes por escola que impartan os cursos oficiais, e que ese mínimo de mestres debería de ser de alomenos 6 mestres para o curso de monitor de tempo libre e 3 para o curso de directores, así se evitaría que existiran cursos de monitores impartidos só por 1 ou 2 profesores ou cursos de directores impartidos só por 1 profesor; é imposible que 1 ou 2 persoas teñan todos os coñecementos necesarios para dar resposta ao contidos dun curso de monitor e/ou director.

A todos os docentes que impartan os cursos oficiais de tempo libre se lles debería esixir unha experiencia mínima acreditada de dous anos, e como mínimo a metade dos mestres dun curso de monitor deberían ser titulados universitarios e todos os mestres que impartan clases no curso de directores debería ser titulados universitarios.

No que ao **local** e se refire, cremos que as esixencias da lei actual deberían manterse e por tanto que o local dunha escola de tempo libre debe contar cun espazo de atención ao público, cunha aula convenientemente dotada (aquí si que a lei debería esixir un mínimo de mobiliario, pizarra, ordenador, proxector, conexión a Internet), un espazo de arquivo e sala de reunións de profesorado; a lei debería tamén sinalar a posibilidade de que unha escola de tempo libre imparta os cursos fóra do seu local en función da demanda e esixir que os espazos onde se impartan as clases dos cursos de monitores e directores cumplan como requisitos mínimos contar cunha aula convenientemente dotada ( ), cun espazo de usos múltiples de dimensións axeitadas para a realización de dinámicas, actividades de animación, xogos, ... e aseo. Non esquezamos a labor social das escolas de tempo libre e o seu papel dinamizador da sociedade, de ahí a importancia da súa mobilidade para chegar aos lugares máis desfavorecidos.

En canto ao **equipamento** a esixirille a unha escola de tempo libre, aparte do xa mencionado ao falar do local, habería que engadir un segundo ordenador para a xestión das matrículas e os títulos, con impresora; tamén unha fotocopiadora.

A nova normativa debería tamén modificar **as persoas ao fronte dunha escola de tempo libre** de xeito que se mantivera o director da escola (coa titulación de director máis titulación universitaria), pero en vez de esixir un coordinador por nivel pensamos que sería suficiente un coordinador que axudara ao director na xestión da escola, e que debería esixirse un secretario que realizara as labores administrativas da escola (actas, tramitación da solicitude de títulos, ...) cunha formación máis básica que director e coordinador (quizáis monitor de tempo libre e nivel medio de formación – Bacharelato, FPII).

### **- Como se deberían regular os programas formativos? Neste sentido, hai que partir do acordo do Consello Interterritorial de Xuventude de que todas as CC.AA adapten os contidos dos cursos que se imparten nas escolas de tempo libre aos correspondentes certificados de profesionalidade. Porén, deberíanse regular cursos de especialización? Cales?**

Pensamos que as escolas de tempo libre deberían seguir impartindo un cursos que imparten na actualidade: monitor de tempo libre, director de tempo libre e director de campos de traballo, e que se deberían recuperar alomenos tres especialidades.

Cremos que os cursos de monitores deberían seguir tendo unha fase teórica e unha fase práctica, pero que na fase teórica habería que dar cabida a **novos contidos** (aumentando as horas da parte teórica quizáis) hoxe presentes no día a día de moitos monitores de tempo libre,

estamos pensando en contidos relacionados coas ludotecas e as festas infantís, ou en contidos relacionados cos comedores e o transporte escolar por exemplo. Quizáis incluso habería que pensar nunha porcentaxe de horas teóricas que se poideran impartir **on-line** e que non fora imprescindible que toda a parte teórica fora presencial.

Polo que respecta aos cursos de directores cremos que os contidos deberían mellorar para dar máis cabida á organización campamental e á xestión de instalación xuvenís.

As **tres especialidades** das que falabamos serían as seguintes:

unha centrada no aire libre e o medio ambiente, outra centrada na arte (a pintura, o debuxo, as maualidades) e unha terceira centrada na animación. Pensamos tamén nunha especialidade centrada no deporte pero quizáis aquí bastaría con complementar o curso de monitor coa titulación dunha federación deportiva.

#### **- Como se debería regular a fase de prácticas (seguros, convenios, etc.)?**

A lei debe especificar a necesidade de contratar un seguro de accidentes para cada alumno en prácticas; se o alumno realiza as prácticas na mesma escola de tempo libre ode realiza a fase teórica do curso, o seguro será contratado pola escola, e se o alumno realiza as prácticas fóra da escola de tempo libre na que realizou a fase teórica o seguro debería ser contratado pola entidade receptora previa firma dun convenio de colaboración entre as dúas entidades.

#### **- Como se debería regular a avaliación e seguimento das escolas?**

Recuperando a figura dos inspectores, persoal da Dirección Xeral de Xuventude que se encargue de visitar todos e cada un dos cursos oficiais que realiza unha escola de tempo libre e que a través dunha entrevista cos alumnos dos cursos e coa dirección de escola comproba o cumprimento dos requisitos establecidos para as escolas. As inspeccións deberían ter o peso suficiente para provocar o peche dunha escola de comprobarse o reiterado incumplimento das normas de funcionamento dunha escola.

#### **- Calquera outro aspecto que consideredes: número mínimo e máximo de alumnos, titulacións do alumnado para acceder á formación, etc.**

Cremos que o máximo de alumnos debería rebaixarse de 25 a **20** e que a lei **non debería especificar un mínimo** deixando que sexan as propias escolas as que decidan en cada momento e circunstancia se leva adiante un curso ou non independentemente do número de alumnos; lembremos outra vez a función dinamizadora das escolas de tempo libre, ao mellor podemos pensar que non compensa sacar adiante un curso con 2 alumnos, pero se ese curso se vai levar a cabo nun entorno rural desfavorecido como poda ser O Courel, ao mellor compensa sacalo adiante e debe ser a propia escola a que decida se facelo ou non.

A lei actual especifica que as escolas de tempo libre temos que facer cursos de monitores todos os anos, e cursos de directores cada dous anos; quizáis este punto deba ser tamén obxecto de revisión, sobre todo no que á **periodicidade dos cursos de directores** se refire, quizáis cada tres ou catro anos sexa máis que suficiente.

En relación aos requisitos que se que se lles esixe aos alumnos para acceder a un curso de monitor, director ou director de campo de traballo consideramos que son axeitados.

-Por último nos gustaría engadir que quizáis a lei deba establecer un **criterio de cara ao rexistro de novas escolas de tempo libre** de xeito que só poidan crearse novas escolas naqueles

territorios que por extensión, distancia entre unha escola de tempo libre e outra, ou número de habitantes na zona xustifique a necesidade duha nova escola.

\* Nas especialidades de monitores a incluír no novo decreto debería haber unha centrada no mundo da discapacidade dada a cantidade de actividades de tempo libre dirixidas aos discapacitados e a integración dos discapacitados na oferta habitual de tempo libre

\* Tamén nos parece moi importante que a nova lei inclúa uns requisitos mínimos de prevención na planificación de calquera actividade de tempo libre; por exemplo algo sobre avaliación de riscos deste estilo, como inclúe a lexislación de Castela e León (ver anexo)

\* Cremos que hai que modificar un pouco o curso de director de campos de traballo en canto aos requisitos para acceder ao curso xa que ao traballar con persoas adultas, na maioría dos casos cun alto nivel formativo, debemos garantir que os directores de campos de traballo teñan experiencia cun requisito relativo á idade (que os directores de campos de traballo teñan que ter como mínimo 25 anos por exemplo), á experiencia como directores de actividades de tempo libre (este requisito xa existe na lexislación vixente e debemos mantelo) e á formación (requisito que tamén existe na actual lexislación).

\* Por último nos gustaría que a nova lexislación dera cabida dalgunha maneira a monitores que teñen moita experiencia acreditada en tempo libre pero que ao mellor non teñen os estudos suficientes para acceder a curso de director ou ao curso de director de campos de traballo.

		<b>CONSECUENCIAS</b>		
		<b>LIGERAS</b>	<b>MEDIAS</b>	<b>GRAVES</b>
<b>P R O B A B I L I D A D</b>	<b>BAJA</b>	RIESGO TRIVAL	RIESGO TOLERABLE	RIESGO MODERADO
	<b>MEDIA</b>	RIESGO TOLERABLE	RIESGO MODERADO	RIESGO IMPORTANTE
	<b>ALTA</b>	RIESGO MODERADO	RIESGO IMPORTANTE	RIESGO INTOLERABLE

## ETL AIKA

### **- Cales deberían ser os requisitos exixidos para constituirse como escola de tempo libre (docentes, locais, equipamento)?**

Respecto as condicións para constituirse como escola de tempo libre os requisitos exixidos desde a nosa perspectiva deberían ser:

**DOCENTES:** ter a formación e/ou experiencia como monitores, directores de tempo libre ou ter formación específica no módulo a impartir (por exemplo para un módulo de Primeiros Auxilios pode darse o caso de que o docente non sexa nin monitor/a nin director/a de tempo libre e teña unha formación e experiencia na materia que o habilite para a impartición de dito módulo).

**LOCAIS:** contar cunhas dimensións adecuadas para a impartición dos diferentes módulos, así como coas condicións de seguridade e salubridade correctas. Consideramos que as dimensións no deben ser desproporcionadas, xa que as dinámicas a desenvolver no ocio e tempo libre en gran parte lévanse a cabo ó aire libre. Así, moitas das actividades que necesitan un espazo amplo (como poden ser xogos, dinámicas na natureza...) débense levar a cabo ó aire libre, en contacto coa natureza e non en espazos pechados. Por elo para un curso de 25 alumnos/as sería suficiente cun aula entorno os 45 metros cuadrados, xa que como indicamos anteriormente algunha das dinámicas ou actividades é preferible facelos en espazos naturais abertos.

**EQUIPAMENTO:** deberá ser acorde o número de alumnado presente no curso (que sexa proporcionado o número de alumnos/as matriculados) e adecuado para levar a cabo tódalas actividades dos diferentes módulos.

### **- Como se deberían regular os programas formativos? Neste sentido, hai que partir do acordo do Consello Interterritorial de Xuventude de que todas as CC.AA adapten os contidos dos cursos que se imparten nas escolas de tempo libre aos correspondentes certificados de profesionalidade. Porén, deberíanse regular cursos de especialización? Cales?**

Se os contidos dos programas deben ser acordes os programas de certificado de profesionalidade por calidade consideramos que o número de horas que se imparte na actualidade son máis adecuadas.

En canto os cursos de especialización creemos que igual nalgún tipo de cursos concretos é convinte que dende a Xunta de Galicia se regulen os contidos e se expida de forma oficial o título (por exemplo: monitor/a de transporte escolar)

ou outorgase as escolas algún tipo de acreditación para que os podamos expedir de forma oficial, xa que moitas veces atopámonos que tanto os alumnos/as como posibles empresas empregadoras ó non estar expedido o título pola Xunta de Galicia dubidan acerca da súa validez. É convinte que se regule para evitar o intrusismo existente neste tipos de cursos de formación.

**- Como se debería regular a fase de prácticas (seguros, convenios, etc.)?**

Cremos que podería ser interesante establecer un convenio tipo (un modelo de convenio para empregar as distintas escolas). Tamén se podería facilitar por parte da consellería un listado de tipos de empresas onde poderían desempeñar a súa labor de prácticas os diferentes alumnos/as.

En canto os seguros das prácticas cremos que o correcto e máis xusto é que a escola de tempo libre faga un seguro de accidentes os seus alumnos e as empresas que acollan os alumnos en prácticas os inclúan no seu seguro de responsabilidade civil.

**- Como se debería regular a avaliación e seguimento das escolas?**

Neste punto cremos que as cousas estanse a facer ben. O inspector/a fai visitas os cursos unha ou varias veces, está en contacto cos alumnos/as e pasa unha enquisa de avaliación das escolas totalmente anónima os alumnos/as, donde estes poden expresar libremente a súa opinión. Avaliase por parte dos alumnos/as o temario impartido, así como diferentes aspectos relativos a formación recibida e a calidade do curso e profesionalidade dos docentes e da escola. O inspector/a ou a Consellería según os resultados obtidos e o que el/ela observou fai unha valoración e seguimento da escola e informa dos puntos a mellorar. Cremos que nese sentido fase un seguimento correcto.

Ademais dende as escolas se fai unha avaliación continua do alumnado, tanto na fase teórica como práctica (na que tamén intervirá a empresa de prácticas) onde se faga unha avaliación acerca das competencias (procedimentais, actitudinais e conceptuais) adquiridas polos alumnos/as.

Asimesmo dende a Dirección da propia escola faise unha avaliación do profesorado pasando unha enquisa propia da escola os alumnos/as, para poder facer unha mellora continua.

**- Calquera outro aspecto que consideredes: número mínimo e máximo de alumnos, titulacións do alumnado para acceder á formación, etc.**

Respecto da titulación dos alumnos/as para poder anotarse os cursos cremos que é a correcta (ser maior de idade e ter mínimo a ESO ou Graduado Escolar), xa que o traballo de monitor/a é moi inestable (ten o seu punto alxido en verán e son moitos os que só traballan como monitores durante uns poucos anos na súa xuventude) e unha persoa con dita formación pode lograr con éxito os obxectivos do curso e chegar a ser un gran monitor/a (logo depende da experiencia, a responsabilidade e profesionalidade de cada un, independentemente da súa formación previa).

En canto o número máximo 25 alumnos/as parécenos correcto. É un número adecuado para levar a cabo moitas actividades, dinámicas e que o docente poida ter un control adecuado do grupo. En canto o número mínimo de alumnos/as consideramos que a escola debe saber que número mínimo de alumnos/as necesita para poder ofrecer un curso de calidade (na nosa escola non realizamos cursos con menos de 14 alumnos/as).

En canto a cuestión que se nos plantexa sobre cales serían os requisitos razoables para a constitución dunha escola de tempo libre entendemos, o noso parecer, que un posible criterio sería que as escolas dispoñan de instalacións permanentes (en propiedade ou aluguer) que sexan un referente para os seus alumnos. De tal maneira que o alumnado poida realizar nelas tanto a formación da parte teórico-práctica como calquer outra xestión que requira tales como recollida de convenio, titoría, entrega de memoria das prácticas, recollida títulos...

Ademais de dispor de instalacións propias ou en aluguer permanente estas deben ser adecuadas para a impartición dos cursos tanto dende o punto de vista da dimensión das aulas, como da accesibilidade, da seguridade..., así como a dotación de material adecuado.

En canto as dimensións o noso parecer deberían ser entorno os 2 metros cadrados por alumn@ partindo dun aula mínima de 40 metros cadrados con independencia do número de alumnos. De tal forma que ata os 20 alumnos deberías ter un aula de 40 metros cadrados e así proporcionalmente ata os 25 alumnos para o cal se necesitaría un aula de 50 metros cadrados.

Parecennos boas dimensións e pola nosa experiencia adecuadas para facer un curso de monitor/a ou director/a de tempo libre con calidade. Como dixemos en anteriores correos certas dinámicas deben facerse ó aire libre.

Consideramos que isto podería ser unha barreira para que as escolas non proliferen sin ton nin son, xa que o ter que dispor de instalacións propias para a impartición dos cursos os requisitos non serían tan laxos coma na actualidade e sería necesario tomarse máis en serio constituir unha escola de tempo libre.

Outra posible barreira que podería ser interesante regular é a parte a distancia dos cursos, xa que o certificado de profesionalidade permite facer 50 das 150 horas da parte teórica do curso a distancia. De tal maneira que fose necesaria realizar a parte a distancia a través dunha plataforma de formación online, o que esixiría por parte das escolas dispor de dita ferramenta e o que sería unha vía máis sinxela de supervisar por parte da administración pública como garante da calidade dos cursos.

## ESCOLA UDC

Unificación de criterios:

A nivel general se debería adecuar en todo el borrador los días de las fases de prácticas. A lo largo del borrador se puede ver cifras de (Art. 19.1 “un campamento de 15 días”; Art. 19.2.b “14 días de actividad en campo de trabajo”; Art. 20.3.b “un campamento de 15 días”), se deberían unificar los criterios con respecto a los “12 días de campamento” que existe hoy en día.

Art. 14.3 y 4

Consideramos que al frente de una Escuela debería mantenerse una persona con título de director y titulación universitaria, pero para coordinador/a sería suficiente el título de director/a.

Art. 16.

Solicitamos que se vuelvan a incorporar a las modalidades de la enseñanza los cursos de especialización que existían antes del año 2000, es decir, las especialidades de Aire Libre, Medioambiente y Animación. Además, teniendo en cuenta la demanda de hoy en día, solicitamos que se incorporen también las siguientes especialidades: “Gestión de apoyo para personas con discapacidad” y “Tercera Edad”. Estos cursos tendrían una carga horaria de 50 horas (al igual que los de Cursos de Especialistas antes del año 2000) con una fase de prácticas con carga horaria inferior a la de un curso de monitor/a y a desarrollar también en un período de 2 años. Para su realización sería necesaria la titulación de Monitor/a. Estos títulos estarían reconocidos por la Dirección Xeral de Xuventude.

Art. 20.1

Con respecto a los requisitos de titulaciones, se podría omitir el graduado escolar, creemos que sería suficiente poner “Graduado en Educación Secundaria u otro equivalente”, el equivalente incluiría el graduado escolar.

Art. 20.2

En los requisitos para director/a de actividades de tiempo libre (30 días de campamento) no tiene mucha lógica, deberían ser de 24 o de 36 días (hay que tener en cuenta que los campamentos a nivel general son 12 días)

En todo esto no se especifica qué tipo de campamento (habría que concretarlo), si es campamento intensivo (24 horas) o sirve tipo urbano, es decir sólo por las mañanas.

#### Art. 20.2

Lo mismo que en el caso anterior, no hay campos de trabajo de 15 días, los hay de 12 días.

#### Art. 24

Antes de nada, aclarar que se han omitido las convalidaciones para el título de monitor (si existen para el de director/a, con más motivo deberían existir para el de monitor/a). Se deberían incorporar

Con respecto de la convalidación de estudios para conseguir el título de director, creemos que sólo se premia a las titulaciones de educación, y existen otras titulaciones que también tienen que ver con el tiempo libre como por ejemplo las de Grado en Ciencias de la Actividad Física y del Deporte (Antiguo INEF). En su plan de estudios incorpora materias de pedagogía y animación deportiva.

Se comenta en el Art.24.b que sólo habría que cursar los módulos específicos del curso de director cuando se puede convalidar con el de monitor/a o con la titulación universitaria. No aparecen esos módulos en el borrador.

#### Art. 27.1

Consideramos que la descripción de "Campamento" habría que matizarla, en ningún caso hace referencia a instalaciones fijas, es decir, que parece que se excluyen los albergues.

Si nos ajustamos a la realidad de hoy en día habría que incorporar más actividades, pero para ello sería necesaria una tabla en un anexo (algo incomprensible en un Decreto). Sin embargo consideramos que hay dos actividades que se encuentran muy desarrolladas a lo largo de nuestra geografía y que habría que incorporarlas al grupo de actividades, estas son:

- Campamentos urbanos: existen cientos de campamentos en el verano, y en la mayoría no tienen monitores/as titulados porque no están regulados. Deberían incorporarse al Decreto y con la misma regulación que para el resto de los campamentos al igual que su equipo técnico dirigente.
- Granjas Escuelas: Se habla de ellas en el apartado de instalaciones, pero no su regulación como actividad. Teniendo en cuenta que en casi todas



realizan campamentos de varios días y en su mayoría disponen de albergue, deberían cumplir las mismas normas que el resto de los campamentos, al igual que su equipo técnico dirigente.

#### Art. 28.5

En este punto hay una contradicción con respecto al punto 6 del mismo artículo. Aquí dice que si el grupo es inferior a 10 habrá que incorporar a una persona a mayores (no dice nada de la edad de los participantes), sin embargo en el punto 6 dice que será necesario para participantes menores de 16 años. Sería recomendable unificar criterios.

Siguiendo con este punto. El ratio 1/10 lo consideramos correcto para participantes a nivel general, sin embargo esto debería de reducirse cuando hablamos de discapacitados/as.

Nuestra propuesta de ratio Monitor/Participante, teniendo en cuenta al grado de la discapacidad de un participante es la siguiente:

Discapacidad Generalizada: 1/1 o 1/2.

Discapacidad Extensa 1/3 o 1/4.

Discapacidad Intermitente entre 1/5 a 1/7.

Incorporando “Monitores/as Especialistas en Gestión de apoyo para personas con discapacidad” (Especialidad propuesta en el Art. 16 de este borrador)

Si en la actividad hubiese un número elevado de discapacitados/as sería recomendable disponer de un Técnico/a en Atención Socio Sanitaria (Ciclo de Grado Medio, 2000 h.)

#### Art. 28.6

- Habla del “Equipo dirigente”, ¿es lo mismo que Equipo técnico dirigente del que se habla en el punto 5? se deberían aclarar los términos de: Personal técnico (28.3), Equipo dirigente (28.6) y Equipo Técnico Dirigente (28.5), ¿va incluido el/la directora/a o sólo los/as monitores/as? Vendría bien una definición de esos conceptos. Sólo se ha definido “Equipo Técnico Dirigente”, que en él no va incluido el responsable de la actividad.
- Con respecto al ratio 1/10, recomendamos que se hagan cambios con respecto a actividades que haya participantes con discapacidades físicas o psíquicas.

#### Art. 32.1.d

Por seguridad, no se debería establecer una carencia de 30 o más personas. Una contaminación alimentaria surge igual en un grupo de 35 personas que en un grupo de 10 y en una acampada como en un campamento o en un aula. Debería ser obligatorio en todas las actividades en las que se manipulen alimentos, sea el número que sea de participantes y el tipo de actividad. No sólo para el/la responsable de cocina, sino para el que la distribuya entre los usuarios. El hacer unos simples bocadillos puede dar lugar a un problema. La contaminación de la comida no sólo se produce en origen, sino también en el momento de servirla a los participantes (manipulación).

#### Art. 32.1.g

- Con respecto al botiquín, ¿qué tipo de botiquín? ¿qué mínimos debe incorporar? ¿sirve sólo la caja con unas tiritas y unas gasas?
- Sobre el/la responsable sanitario se deberían actualizar las titulaciones, es decir, ATS o DUE están obsoletas, con citar “Graduado/a en Enfermería” incorporar a las anteriores. Además, solicitamos añadir a ese personal sanitario, la titulación de Técnico/a en emergencias sanitarias (ciclo de grado medio de 2000 horas), es personal sanitario acreditado y se le da un poco de salida a los ciclos profesionales. Además, el/la técnico/a de emergencias sanitarias está acreditado/a para utilizar un DESA (Desfibrilador Semi Automático). Todo ello teniendo en cuenta que con 49 personas sólo sea necesario un/a “responsable de la actividad” sin ningún tipo de titulación y ni siquiera con un mínimo curso de soporte vital básico (para echarse a temblar...).

#### Art. 52

En lo que respecta a la Enfermería de los albergues y campamentos juveniles, se debería disponer de un DESA (Desfibrilador Semiautomático), que sería utilizado por el personal acreditado de la enfermería en caso necesario.

#### Art. 56.e

No especifica quién es el “Personal Técnico Cualificado”. ¿Sirve cualquier ganadero/a o agricultor/a?

Con respecto al personal técnico, al igual que en el resto de campamentos, debería cumplirse el Art. 28 de este borrador, apoyándose en el apartado b) de ese artículo por su especial finalidad.

APORTACIÓNS DA ESCOLA DE TEMPO LIBRE BARLOVENTO, E EN CONSECUCENCIA DE MAREXADA. DEPORTE, LECER E CULTURA S.L., AO PROXECTO DE DECRETO \_/2017, POLO QUE SE DESENVOLVE O TÍTULO II DA LEI 6/2012, DO 19 DE XUÑO, DE XUVENTUDE DE GALICIA:

### **Da información xuvenil:**

Neste punto exclúese as entidades privadas lucrativas da posibilidade de ser puntos de información xuvenil. Entendemos que a función do sector público é clave na información xuvenil; incluso as entidades privadas non lucrativas, por ser tecido da sociedade sogan igualmente un papel importante; pero tamén hai que ter en conta o tecido privado lucrativo, xa non tanto atendendo ao adxectivo lucrativo, senon o concepto profesional, xa que nas "empresas" adoitan a estar grandes profesionais relacionados coa información xuvenil, activos que sería prudente incluír como axentes da información xuvenil

### **Das escolas de tempo libre:**

Os requisitos tanto de material, como sobre todo de espazos físicos, que no proxecto de decreto se especifican, supoñen darlle un plus de calidade a formación; non obstante debería quedar artellado o mecanismo concreto para a homologación dos citados espazos, a duración desta homologación, a titularidade do centro e a súa relación coa escola de tempo libre, e a posibilidade de realizar os cursos noutros espazos, ...

Para a realización das prácticas nos cursos de monitor e director, non entendemos a necesidade de facer un proxecto de prácticas (circunstancia xa reflexada no decreto 50/2000). Entendemos que as prácticas teñen que ser por integrarse nun equipo de traballo en un proxecto anterior, pois se o alumno está en prácticas non pode asumir a responsabilidade de realizar un proxecto para a súa posterior implementación.

Para a realización das prácticas non entendemos que teña que ser a escola de tempo libre a que asuma a responsabilidade civil do alumno en prácticas, pois o alumno estará baixo as ordes de terceiras persoas, co que se incorren en omisión de responsabilidades, será polas directrices e normas que estas lle dean, e nln da entidade coa que se formou.

Entendemos que será necesario saber se haberá homologacións de títulos regulados polo decreto 50/2000, as novas titulacións (de igual xeito que pasou con outras titulacións e o seu posterior paso á certificados de profesionalidad, por exemplo as titulacións de salvamento acuático)

Entendemos interesante crear formación complementaria e recoñecida; en actividades concretas reguladas tanto polo decreto 50/2000, como por este proxecto de decreto, créanse vacíos sobre as titulacións válidas para poder levalas a cabo (por exemplo actividades náuticas ou actividades na natureza en campamentos), polo que sería

interesante contemplar formación específica nalgúns campos para xerar especialistas concretos.

### **Das actividades xuvenís:**

Entendemos interesante aumentar os tipos de actividades recollidos no novo decreto (campamentos urbanos, campus, comedor escolar, transposte escolar, ...) para deste xeito poner en valor a formación que no mesmo se recolle, e conseguir así profesionalizar o sector dun xeito máis global

Sería interesante establecer as titulacións necesarias nos porcentaxes non obrigatorios de monitores de tempo libre, circunstancia que viría en relación ao anteriormente comentado de crear formación específica de especialización.

Entendemos que a dirección de actividades de ata 25 participantes non poida ser dirixida por un monitor, xa que independentemente do número de participantes, os coñecementos que o reponsable da actividade ten que ter son os mesmos, quedando carente dos mesmo coa formación como monitor de actividades de tempo libre.

## **ETL CRUZ VERMELLA**

### **Cales deberían ser os requisitos exixidos para constituirse como escola de tempo libre (docentes, locais, equipamento)?**

Aula que cumpla con mínimos de espacio y materiales (tipo los de cualificación profesional o iguales)

Claustro docente de al menos 4 docentes en los cursos para la diversidad de puntos de vista en las sesiones. Docentes especialistas en el módulo.

### **Como se deberían regular os programas formativos? recordar que hai un acordo do Consello Interterritorial de Xuventude de que todas as CC.AA adapten os contidos dos cursos que se imparten nas escolas de tempo libre aos correspondentes certificados de profesionalidade. Entón, deberíanse regular cursos de especialización? Cales?**

Os imprescindibles para o desenvolvemento como monitor/a: de natureza, de deportes específicos: acuáticos, montaña, xénero, diversidade funcional, educación en valores...

### **Como se debería regular a fase de prácticas (seguros, convenios, etc.)?**

Convenio de prácticas obligatorio en el que se refleje seguro de accidentes y responsabilidad civil. Quién no lo haga, multa o penalización.

### **Como se debería regular a avaliación e seguimento das escolas?**

A Xunta debería ter máis control na fase teórico e prácticas para garantir una educación de calidade. Auditorías, comprobación el reglamento y cuestionarios de evaluación a los alumnos/as

### **Calquera outro aspecto que consideredes: número mínimo e máximo de alumnos, titulacións do alumnado para acceder á formación, etc**

Debería haber un número mínimo de alumnado. O numero mínimo e máximo debería establecer en base a un numero mínimo e máximo de persoas pero tendo en conta o entorno no que se sitúa a escola, tamén hai que ter en conta as instalacións das escolas.

A idade debe estar marcado en ser maior de 18 anos e os estudios mínimos, deberían ser maiores a ESO para darlle máis cualificación, seriedade a profesión.

## PROPOSTAS CAMBIOS AO DECRETO

Dende a Escola de Tempo Libre Xaruma, detectamos as seguintes necesidades para modificar o Decreto.

1. REQUISITOS PARA CONSTITUÍRSE COMO ETL:
  - a. Que se cumpra o requisito da área xeográfica para a constitución de novas escolas, isto é, deben xustificar a necesidade dunha nova escola de tempo libre nesa área xeográfica.
  - b. DOCENCIA: que a totalidade da docencia teña titulación no eido do tempo libre e experiencia na materia ou materias a impartir.
  - c. DOCENCIA: que os docentes con maior carga lectiva, teñan coñecementos acreditados da área que imparten, por exemplo, quen imparta psicoloxía que teña a licenciatura ou o grado nesa área.
  - d. DOCENCIA: na variedade está o gusto, os cursos deberán estar impartidos por varios docentes con experiencia e acreditación.
  
2. CONTIDOS FORMATIVOS:
  - a. Actualizar os contidos formativos.
  - b. Posibilidade de homologar cursos de especialización no eido da diversidade e/ou medioambiente.
  - c. Equiparar os dous cursos de dirección e deixar os campos de traballo como unha especialidade, sen que haxa xerarquía entre director/a de actividades de tempo libre e director/a de campos de traballo.
  
3. FASE PRÁCTICA:
  - a. Obriga de que todo titor/a teña que ter titulación no tempo libre igual ou superior á persoa a titorizar e experiencia acreditada.
  - b. Permitir contabilizar 12 horas diarias de prácticas no caso de actividades con pernocta.
  
4. AVALIACIÓN DAS ESCOLAS
  - a. Obriga ás Escolas a amosar intención de realizar outras actividades formativas e/ou de tempo libre ademais dos cursos oficiais.
  - b. Inspeccións periódicas relativas á admisión de alumnado (por exemplo, escolas que non solicitan a experiencia para o de director/a).
  
5. OUTROS ASPECTOS:
  - a. Non se poderá impartir un curso oficial con menos de 8 persoas apuntadas, máximo 25.
  - b. Esixir certificado negativo de penais para inscribirse no curso.
  - c. Eliminar ratio para ter o curso de manipulador de alimentos por “Todo o persoal de cociña deberá estar en posesión do título de manipulador de alimentos”.
  - d. Incorporar principios educativos básicos que deberán rexir toda actuación no tempo libre.
  - e. Non permitir a impartición de cursos de monitor/a ou director/a online.
  - f. Estipular ratio para persoas con necesidades específicas.
  - g. Recuperar subvencións ou axudas ás escolas.
  - h. Compromiso por parte da Administración de priorizar as contratacións do persoal formado nas Escolas para as actividades propias da Consellería.
  - i. Linguaxe inclusiva en todo o decreto.

## ETL RECURSOS

### **- Cales deberían ser os requisitos exixidos para constituirse como escola de tempo libre (docentes, locais, equipamento)?**

As escolas de tempo libre son escolas, polo que o persoal que dirixe e xestiona as mesmas ten que ter un mínimo de coñecementos educativos, ó igual que o resto de escolas.

É dicir, a dirección debería estar en mans de persoas tituladas universitarias da rama educativa (educación social, pedagogía e/ou maxisterio).

O persoal docente ten que ter experiencia de traballo en tempo libre (cun número mínimo de horas acreditadas) e experiencia metodolóxica, sendo válida calquera carreira de ciencias da educación, máster de profesorado, docencia da formación profesional para o emprego (así tamén nos vamos axustando ós requisitos dos certificados de profesionalidade).

As escolas teñen que ter un local de arquivo e atención, e unha aula para a impartición da formación. Agora ben, teríamos que ter a posibilidade de que as aulas para a impartición dos cursos foran cedidas, conveniadas, alugadas, sen ter que dispoñer dunha aula propia para a impartición dos cursos, pois corremos o risco de que en concellos ou vilas pequenas non se poidan formar monitoras/es por non cumprir co requisito do espazo.

O equipamento ten que ser o mínimo para que a parte teórica do curso sexa tamén práctica; isto é, será preciso dispoñer do material necesario para cada área de coñecemento (o que non implica que sexa material en propiedade, senón que pode ser cedido ou alugado para a ocasión).

### **- Como se deberían regular os programas formativos? Neste sentido, hai que partir do acordo do Consello Interterritorial de Xuventude de que todas as CC.AA adapten os contidos dos cursos que se imparten nas escolas de tempo libre aos correspondentes certificados de profesionalidade. Porén, deberíanse regular cursos de especialización? Cales?**

Os programas formativos, se seguen o itinerario dos certificados aseguran unha uniformidade das escolas, polo que, nos parece unha boa opción.

Os cursos de especialización poderían valer para adaptarnos ás novas necesidades, e terían que ser poucos: campos de traballo, multiaventura, discapacidades, medioambiente.

### **- Como se debería regular a fase de prácticas (seguros, convenios, etc.)?**

Tendo un modelo común para os convenios de todas as escolas.

Coñecer o sistema avaliativo da mesma.

Cada escola solicita proxectos e memorias de prácticas, pero non temos ningunha guía-modelo, polo que, se todas as escolas pedísemos o mesmo, seguramente sería máis doado o seguemento e arquivo da documentación.

Facilitando o papeleo no envío de actas, enviando só unha acta final coas partes teórica e práctica valoradas do alumnado dun curso, antes dos 2 anos.

### **- Como se debería regular a avaliación e seguimento das escolas?**

Suponse que a memoria e o plan de traballo son elementos avaliativos, pero para ser xustas/os, deberíamos ter un modelo común, onde se recolla a mesma información. A memoria é un documento onde se dá conta do que se fixo.

Os plans de traballo son un instrumento burocrático máis que facilitador do traballo, porque non sempre se pode seguir o plan establecido.

### **- Calquera outro aspecto que consideredes: número mínimo e máximo de alumnos, titulacións do alumnado para acceder á formación, etc.**

Non poríamos número mínimo de alumnado, e o máximo igual se debería reducir.

Reduciría as horas de formación ó día, non podendo facer máis de 8h/diarias, igual que unha xornada laboral.

Afondaría nas faltas de asistencia, indicando faltas por módulos, pois ó non estar acotado, hai persoas que non tiveron formación dunha área enteira, polo que, non podemos dicir que viron todo o curso. Para iso, marcaríamos unha porcentaxe de horas por áreas formativas.